



“Os caprichos espidos”, de Xosé Poldras, expostos na Sala Valente



Páxina VI

O “Premio Otero Pedrayo 2020” foi para catro fundacións



Páxina VI

Finaliza a limpeza de pintadas na Catedral de Lugo



Páxina X

O Concello reforma a cuberta do Multiusos de Monforte



Páxina XI

A Fundación Sargadelos recuperará o Museo Carlos Maside



Páxina XII

O Pereiro quere a declaración de municipio de interese turístico



Páxinas XV



A Xunta pon en marcha o Pacto pola Paisaxe na Ribeira Sacra

Páxina IX

Entrevista



**Sole Felloza,
directora Festival Atlántica**

“Hai xente que mira o mapa para ir poder ver os artistas de Atlántica”

Páxina VIII

**APÚNTATE AO NOSO
CANAL DE TELEGRAM**



<http://xnea.eu/telegram>



**SIGUE AO DÍA NA
NOSA PÁXINA WEB**



<http://xnea.eu/web>



Opinión

Por Manuel Blanco

"Os do croio" recuperan a milenaria tradición do santo da pedra

Pasados moitos anos, a parroquia de Doade (Lalín) recupera esta antiquísima tradición de construír un santo de pedra no coto que leva este nome, situado a 690 metros de altitude, da man do Museo Casa do Patrón, coa inestimable colaboración dos veciños que aínda lembran telos feito de cativos: Benjamín Iglesias Baldonado, de O Penedo, que foi a persoa encargada de erguer de novo o noso Santo onde tantas veces o fixera outrora, axudado por Manuel Vázquez González, de Taín e José Luís Toimil López, de Codeseda, apoiados por persoal directivo do Museo.

Quizais sen sabelo, cando levantaban este monumento lítico no alto do Monte da Pedra en Doade, que os veciños deixaron de facer hai máis de 50 anos, estaban a cumprir unha tradición secular dos pobos antigos, que pasou de pais a fillos durante ducias de xeracións utilizando estes Santiños, tamén chamados Estantes, Mariolas ou Homes mortos, para influír na meteoroloxía (erguíanos entre unha ou varias persoas, para pedir que deixara de chover

e desfácianos outros veciños diferentes, cando querían que regresaran as chuvias ás terras da súa parroquia). De feito, aínda hoxe os máis vellos da parroquia aseguran que "se as tronadas veñen do Santo da Pedra, nunca chove".

Dado enorme valor simbólico deste mineral, unido ás súas altas calidades de dureza, consistencia, luminosidade e reflexo da luz natural e ao feito de que aos veciños de Doade nos alcuman "os do croio" dende hai máis dun século, polo curioso xeito que tiveron os nosos antepasados, cando obrigados pola necesidade alá polo ano 1.910, porque lles roubaran o badalo da outra campá da igrexa parroquial de San Pedro, repenicaban á misa cunha soa campá, utilizando o seu badalo por dentro e un croio por fóra, decidimos construír o Santo de croio, unha rocha tamén coñecida como coio ou seixo, cuxa cor branca representa a pureza.

O uso simbólico do croio ao longo da historia de Galicia, ten múltiples connotacións etnográficas e arqueolóxicas, ligadas



ás nosas xentes: É a pedra favorecedora de todas as forzas da vida (curación, saúde, fertilidade, fecundidade, lactación, vitalidade, floración, renacemento...). Utilízase como mineral protector da casa, das persoas, do gando, froitos, terras e campos. Pola estreita vinculación do seixo coas viaxes, a transformación e os cambios de estado na vida.

En definitiva, foi un elemento historicamente relacionado co ciclo da vida, dende o nacemento ata a morte, en todos os ámbitos: a fertilidade, a protección, a curación e mesmo como salvoconduto para o alén.

Aínda que a ubicación no monte raso, a unha elevada cota de altitude do "nosso santiño", xunto coas raiolas de sol reflectidas nos brancos cristais dos seus croios perimétricos nos permitirá divisalo dende varios quilómetros á redonda, cabe significar que este antigo lugar sagrado, forma parte do impresionante conxunto arqueolóxico e etnográfico do Coto do Santo da Pedra (composto por unha mámoa de gran tamaño, un vello "camiño real" que pasaba ao seu carón, petróglifos, a Pena e o Santo da pedra, que constitúe ademais unha preciosa terraza natural sobre o Val do Deza), integrado na "Ruta da Prehistoria de Doade", roteiro cultural que se atopa en última fase de sinalización, e poderá ser visitado libremente por todo o mundo en breves datas, do que informaremos oportunamente.

Na Casa do Patrón continuamos traballando co ánimo de pechar o círculo da posta en valor do enorme acervo histórico, arqueolóxico e etnográfico da parroquia de Doade, para goce de todas as persoas amantes da cultura e da natureza que teñan a ben achegarse por estas marabillosas paraxes.

O Mapamundi

Por Roberto Mansilla Blanco

Netflix na Casa Branca

Trump vs Biden: une élection à la africaine?". Así titulou unha información do semanario Jeune Afrique sobre as controvertidas eleccións estadounidenses. Outros falaban do carácter "tercermundista" do escrutinio presidencial na considerada a principal democracia a nivel mundial. Esa que ten máis de 200 anos de existencia e que soe atribuírse o carácter providencial de expandir ao mundo a súa liberdade e democracia.

Un complexo e prolongado sistema de conteo de votos en estados chave como Pennsylvania, Michigan e Arizona puxo ao mundo en vixilia. Como sexa, os EE.UU seguen a ser a superpotencia, e obviamente o mundo ten que mirar cara eles, aínda que sexa en cada proceso electoral, porque moitas das decisións que nos afectan saen dos salóns da Casa Branca.

O vodevil, ou mellor dito a desfeita electoral americana, é unha lección a tódolos niveis. Nunha un proceso electoral no país de Washington, Jefferson, Lincoln, Kennedy, e tamén de Trump, estivo tan plagado de acusacións de fraude, de fake news indiscriminados, de irrespeto, es-

cándalos e declaracións raianas no esperpéntico, alimentando unha polarización que dificilmente remate a mediano prazo.

O espectáculo electoral estadounidense é digno de Netflix. Se non fora porque a política, aínda que algunhas veces, reclama certo nivel de seriedade, isto non pasaría de ser un vulgar reality show. Precisamente, ese mundo no que Trump se ten movido con maior soltura.

O panorama electoral non era para tirar foguetes. O grotesco Trump buscaba a reelección. Biden, cuxa vitoria nas primarias foi máis por inercia, como unha especie de revival do "obamismo", quere a recuperación da Casa Branca. No medio, unha pandemia cun saldo de 234.000 mortos, sendo EE.UU o país con maior número de falecidos, ademais das tensións raciais e dunha radicalización in crescendo, onde grupos civís antisistema, uns "antiFa" e outros "trumpistas", van armados e comezan a campear.

Na madrugada electoral, Trump declarouse gañador pero advertiu dun presunto fraude en marcha. Tras catro días de recenseos, os votos do Colexio Electoral foron para Biden, quen se proclamou

como virtual vencedor e comezou a trazar goberno. Trump, atrincherado na súa teoría do fraude e da conspiración, anunciou que irá ante o Tribunal Supremo

cional. Esa Europa desprezada por Trump lanzouse practicamente en masa a recoñecer o triunfo de Biden.

Pero países importantes, e digo especialmente importantes para a política exterior de Washington, como son os casos de México (a longa fronteira do Muro de Trump), Rusia, China, Turquía e Brasil, mantiveron a prudencia e non recoñecen ata agora a ningún gañador.

En 2000, Bush y Gore pulsaron a presidencia durante un mes despois das eleccións. Un puñado de votos nun condado de Florida finalmente deulle a vitoria a Bush vía Tribunal Supremo. O contexto 2020 é moito máis dramático. Coa egocéntrica personalidade de Trump, dificilmente recoñecerá calquera resultado que non sexa a súa vitoria.

O próximo presidente de EE.UU deberá asumir o 20 de xaneiro de 2021. Quen sabe se para aquela aínda non se saiba quen ocupará a Casa Branca. Un caso insólito nunha "democracia" que demanda reformas estruturais urxentes, principalmente do seu sistema de votación. Así, a desfeita americana é a nova serie de entretemento "netflixiana" que pode durar varias "temporadas".



para denunciar ese fraude. Un Tribunal onde previamente ás eleccións, oel mesmo asegurouse "blindar" con xuíces "trumpistas". O guión xa estaba ben atado, por se acaso.

Tampouco é de luxo a reacción interna-

Por Baldomero Iglesias Dobbarrio, Mero

Desde o mesmo rural

Escoitei unha conversa moi atinada respecto ao que nos está a pasar. Eran verbas de muller, coido que Virxinia, e facía análise acertada do que nos está a dar dores de cabeza, coido que do corazón tamén. Vivimos un parón, un caos económico e social. Está claro, porque é increíble polas consecuencias que, sabemos, trouxo este abandono e aínda pode traer máis co virus este que nos rodea. Nada volverá ser o que foi. Esta é unha emerxencia social e sanitaria terrible na que nos xogamos a mesma existencia. Deica aquí, quen nos trouxo foi este sistema impetuoso de destrución e morte, anque todos esteamos en alerta, por ser como é verifica moitas a desfeita e aventa que aínda pode haber máis danos. A máquina parou e parou para moito tempo. Ben se vía. Aquel invento elegantísimo da globalización demostrou que homoxeneizar é un erro tan vello como o mundo. Canto máis universal se queira facer algo, máis axiña morre dividido en grupos mínimos de variables. Esta crise sistémica provoca que un fallo no extremo do mundo, destrúa a diversidade, os modos de

vida, as culturas, as linguas, os fundamentos mesmos do que é a vida, a xenerosa heteroxeneidade que é unha adaptación de sobre-vivencia. Estabamos na dependencia escrava dos combustibles fósiles, dos plásticos, no mercadeo e consumo excesivo, eucaliptización, abuso do expansivo de minas asasinas e irrespectuosas, muíños que son industrias enormes de aeroxeneración e arrasan por onde pasan, levando por diante os modos de resistencia vital e única de moreas de xentes abeiradas ao baleiro dun espazo cada vez máis atacado, e polo tanto “baleirado”. Acaban con nós e os beneficios va para fóra, son empresas do Este. Leváronnos os modos de vida que viñan de atrás, adaptacións de miles de anos feitas con pousos desde a orixe mesma da Nosa Cultura e que son arrasadas pola ousadía, atrevemento ou falta de sensibilidades nos que din que mandan. Descubrimos de novo a nosa vulnerabilidade enorme. Aí están os servizos públicos, tan recortados por aqueles “iluminados” dunha elite política, de privatizacións catastróficas e nefastas! E

aquelas “privadas” que se inventaron, para que serviron? Onde están? Que fixeron? Irresponsables aos que ninguén lles recorda a culpa nin lles fai pagar o roubo. Nada queda, desde a crise do 2008 morreu aquela economía, quixeron salvar os bancos e castigáronnos -a todos nós- a pagar as súas débedas e fraudes, os seus roubos, os dos ricos, os do “pufo e paraísos fiscais”. Mentres tanto, aqueles que roubaron, seguen impunes e trouxeron, por lóxica, máis desigualdade. Nas crises sempre gañan os ricos, haberá un excesivo control ideolóxico? Os medios de comunicación, obedientes e dóciles, atentos á subvención e ás novidades que dite o que manda, están domeados e domean. Iremos todos cara á cidade, esquecendo a terra, a paisaxe, os ríos, a auga, a calidade do aire. O rural quedará baleirado e esquecido, empobrecido -seremos vertedoiros de lixo, lodos contaminados, inmundicias da cidade, virus, minas abrasivas, eólicos impenitentes- un rural empobrecido tamén de xente e produción sostible, que un día foi. Levaron por diante carballeiras centenarias, soutos, ríos humildes e limpos, o mar, as primaveras, a tenrura do sinxelo, ...e viñeron poñernos indiscriminadamente muíños enormes, de 200 metros de

alto, para que sexan macro-parques de produción en mans alleas, no eufemismo da ecoloxía e enerxías limpas, pero que levan por diante as aldeas onde se instalen, na condena de afundirnos. Tratan de quitarnos a soberanía, a propiedade, a pureza que gardamos desde as orixes do tempo. Son, eses políticos, uns depredadores que esnaquizan e venden, véndenos a nós! Mercaron aos técnicos de ciclo para que emitán informes favorables, o mesmo que fixeron con moitos medios de comunicación que insisten na mentira, a ver se ao final cremos. Pestes nos trouxeron, esta pandemia é a evidencia en forma de virus. Foron e son tóxicos eles e as súas políticas, veñen contra nós, contra a harmonía e o sosego. Cada fallo que cometen trae o caos e mínguanos a vida, perdemos o ritmo neste estrés ao que estamos sometidos. E disque isto sucederá moitos anos máis? Estámosche ben apañados! Por certo, a xustiza onde está que non se lle ve, sequera para facer o seu labor e pararle os pés a quen nos degrada deste xeito? Andarán tamén ocupados nas mentiras?



CONTO

Por X. Santiago Paramos

O avarento

Sempre traballando. Sempre aforrando:

aforrando tanto... que se fixo vello e non sabe cando.

Xosé, era un tiñoso que por non cambiar o vidro das lentes, atoutiñaba polos camiños.

Á petición da muller, mercou unhas lentes novas.

Cando as puxo, vía tan ben e gustouse tanto a si mesmo que ó saír da óptica, púxose todo teso na beira rúa.

Nisto, un rapaz que viña apurado e furgando no teléfono móbil, levou por diante a Xosé que caeu de cangallas, xusto enriba das lentes.

Ó chegar á casa contóullelo a súa dona, dicindo:

A xuventude de hoxe en día, é sinónimo de parvo. Andan tolos coa merda do móbil. E eu que xa o vía vir.

A muller, replicoulle:

O rapaz será parvo...! pero máis parvo es ti, por non apartarte, cando estabas vendo o que che viña enriba.

X. Santiago Paramos



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

36860 PONTEAREAS - GALIZA - T. 986 64 12 69

redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias

publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Hernández e departamento propio

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – Pérez Lema – X. Glez. Mtnéz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo – **CANARIAS:** Fco. Puñal

Fotografía: Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex – Ortifus (España) – Omar Pérez (Galicia) – Mauricio Parra (Colombia) – Cébula (Polonia) – J.Bosco e Fernández (Brasil) – Marlene – Pohle (Arxentina) – Guy Badeaux (Canadá).



**Xornal Cultural
para o Lecer**

Depósito legal: VG-14/2017

Opinión

Por Nemésio Barxa

Cronica real de uma dinastia. Noticia para monarquicos ingenuos

De como um francês se fez dono de Espanha e suas colonias. O monarca francês, Luis XIV, aproveitou a vacante do trono espanhol para situar nele a um seu sobrinho, nascido e educado em Versalles (França), que amparado por febles direitos hereditários (sobrinho neto de Felipe IV), polo desígnio divino e afortalezado num importante exercito, que sempre é muito trascendente para afiançar a graça de Deus, coa convivência de paifocos carpetovetónicos que adoitam estimar melhor o de fora, entrou por Catalunya a sangue e fogo destruiu parte da cidade de Barcelona, masacrando seus habitantes e rematando por constituir-se em rei da Espanha com o nome de FELIPE V Borbon; arrombou costumes, direitos, sistema político dos reinos e do povo ao que afogou economicamente para construir palácios num processo de afrancesamento da sociedade, ele mesmo falava sempre francês, idioma que igualmente empregava toda a Corte, era ciclotímico e maniaco-depresivo, obsesionado com a morte e a infirmitade, com sexo e a religião (confisava cada vez que tinha relações sexuais e assistia a missa diariamente), teve 11 filhos, sofria alucinações crendo-se uma rã e saltava a croava como tal, não queria mudar de roupa nem cortar as unhas dos pés, tentou montar um cavalo de um tapiz crendo que era

real, perdeu todos os territorios espanhóis europeus no Tratado de Utrech e faleceu entre alucinações e desvarios com tal falta de higiene pessoal que houve de ser momificado porque ao momento de amortalhalo foi impossível quitar-lhe a roupa que de tanto tempo sem mudar ficava pegada á pele

Depois de um brevíssimo LUIS I, o “setemesino”, polo tempo de seu reinado (a mulher, também Borbón, espiase diante dos criados e dos embaixadores), retomado o trono polo pai até sua morte, chegou seu irmão FERNANDO VI, xenófobo e racista que ordenou a Grande Redada contra o povo gitano, afastando aos homens de suas mulheres e filhos e destinando a uns ao trabalho forçado e outros á prisão, 9.000 detidos no mesmo dia e submetidos a todo tipo de abusos, tentado exterminalo. Impotente, trastorno depresivo, demencia progresiva, nos últimos anos agresivo, obsesionado com a morte, abandonado na sua higiene pessoal e disparates na sua vida cortesana como morder á gente ou figir que ficava morto, con varios intentos de suicidio. Morreu apos um ano de tolemia. No Hver o Catastro e o intento de reforma fiscal De Itália chegou seu irmão CARLOS III, que lembramos como o grande alcalde de Madrid, que sim foi, mas odiado polo povo pola carestia da vida, empobrecimento, corrupção, re-

corte de direitos e a tributação-

Inda que o dintel da desidia, delirio e desvergonha ficava muito alto, teve que chegar CARLOS IV e seu filho FERNANDO VII para romper todos os limites imagináveis da incompetência, da avaricia e da deslealdade. Carlos IV, nascido em Itália e casado com sua prima M^a Luisa de Borbon-Parma, delegou inicialmente o governo em Florida-blanca e depois entregou-o, também com a mulher, a Godoy, anos mais tarde destituído polo filho, Fernando, alzado contra o pai, e posteriormente repostado por ordem de Napoleon. A vida na Corte era puro puterio com uma rainha sexualmente desbocada e um rei caçador mas sem apetencias sexuais: a rainha em confissão declarou que nenhum dos onze filhos vivos era filho do rei. Polo tanto Fernando, herdeiro, já não seria da mesma rama borbónica ainda que sim seguraria sendo Borbón pola mai. Foi uma época de obscurantismo, reveses militares, miséria e perda de territórios, sempre como consequência de guerras, nunca por tratados de descolonização. Carlos abdica em Fernando que conspirou e se lhe enfrentou, mas Napoleão o obriga a recuperar a coroa, repor no top do governo a Godoy, exiliar-se em França (o premio da sua traição á dinastia borbónica foi pago dos gastos, um palácio e uma finca de caça para entreter seu ócio) e conceder a Napoleão os direitos á sucessão na coroa de Espanha, que este transferiu ao seu irmão José Bonaparte. Morreu no exilio, em Nápoles; o filho Fernando esteve sempre convencido de que a esposa de Carlos, sua mai M^a Luisa, havia levado consigo as joias do Reino, tratando inutilmente de recuperalas.

FERNANDO VII,

preso em França durante a Guerra da Independência foi profundamente desejado polos espanhóis para contrapolo a José Bonaparte desconhecendo que em Baiona (França) este rei felón escrevia cartas a Napoleón felicitando-o polos seus êxitos e vitorias (das suas tropas em Espanha) e incluso mostrou seu desejo de que o imperador o adotasse como filho (existem documentos manuscritos). Foi o pior rei por incapaz, desleal e injusto. Reposto no trono, faltou palmariamente a todos os compromissos adquiridos para reinar, perseguindo todo atisbo de liberalismo, amparando-se na Inquisição, perdeu as poucas colónias que ainda havia, condenou a morte aos discrepantes, e no pessoal foi vingativo, cruel, taimado e cobarde; herdou da mai a incontinência sexual e recorria todos os bordéis de Madrid.

Convencidos os BORBON de que seu destino de rei era uma designação divina e seu concepto do reino patrimonial não precisavam expatriar sua fortuna, pois se construía um palácio, uns jardins ou similar era para eles, não para o patrimônio nacional; de todos jeitos tinham patrimônio pessoal que provinha dos pingues ganhos que estes católicos monarcas obtinham do comercio dos escravos e Fernando VII também das comissões que recebeu da compra de barcos a Rusia para a guerra de Filipinas, médio podres e só servirem para desguace.

Quinta do Limorieo, outubro 2.020



Por Ramón Coira Luaces

O trasno

O trasno é un ser mitolóxico tradicional galego que vive no fogar e que se adica a facer pequenas travesuras ou trasnadas. É un anano traveso e saltarín, de pel morena e con barba, ten patas de cabra, viste de vermello, é coxo e ten un burato na man esquerda. É nocturno e polas noites é cando fai das súas: tira os pratos, revolve a roupa, asusta o gando na corte, fai ruidos no faiado, tira as pilas de leña, esmaga ovos, trasega con auga,... É unha figura de probable orixe indoeuropea e de clara influencia celta. Asociase cos despistes e coas desaparicións de obxectos necesarios como as chaves, as tesoiras,... El

goza facendo estas pequenas maldades. Son burlóns e ás veces ruíns, destrozando tamén obxectos domésticos. Presuntamente, desaparece momentaneamente se se fan invocacións relixiosas como: “Virxe santa, Xesús, Meu Deus!”. Se a familia se muda de casa, o trasno trasládase con ela escondido entre as súas pertenzas. Para telos tranquilos e ocupados pola noite hai quen lles pon un prato con lentellas ou espallas polo chan, para que se entreteña contándoas e, como non son moi listos e non saben contar máis de cen, cando chegan a este número, teñen que començar de novo. Para desfacerse del definitivamente, hai quen lle pide que



traiga un cesto cheo de auga, que mude en branco o pelexo dun cabrito ou cordeiro negro ou que recolla a presas medio vaso de millo, o que non pode facer porque ten un burato na man e caenlle os grans por el. E, como non o pode facer, enfurrúñase e vaise avergoñado.

Tamén habitan os borques máis frondosos e nas gabias dos camiños. Áctúan á luz da lúa e ás veces seguen a unha persoa, sendo moi hábiles á hora de esconderse. O trasno vén sendo coma un demiño. Chámaselle trasnos ás crianzas inquedas e revoltosas e á xente que anda soa de noite polos camiños ou bosques.



Xosé González Martínez. *Presidente do Foro E. Peinador.

Cando a vontade move montañas

O décimo cabodano do pasamento do xeneral da Garda Civil Gonzalo Jar Couselo é o pretexto para recordar o traballo realizado desde 1990 pola Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística (AFNLG) para que os corpos policiaís en Galicia recoñezan e exerzan o réxime da cooficialidade lingüística.

Un proxecto tan ambicioso tiña moitas dificultades. Comprían moitas doses de imaxinación. Pero conseguímolos. Houbo que abrir varias liñas de actuacións. En primeiro lugar alertar aos grupos parlamentarios do Congreso dos deputados da importancia de modificar a cultura dos corpos policiaís respecto das linguas cooficiais. Solicitamos das instancias gobernamentais competentes na materia que se arbitrasen medidas para o obrigado cumprimento. Ao tempo, a AFNLG dirixíuse aos altos mandos do Corpo Nacional de Policía e Garda Civil instándoo a modificaren comportamentos impropios dos seus subordinados que afectaban aos dereitos lingüísticos dos cidadáns, debendo ser imitados os comportamentos positivos da maioría das policía locais pola decidida actuación dos gobernos municipais.

Despois de moitas conversas cos responsables dos sindicatos policiaís, a AFNLG editou unha publicación titulada “A normalización da lingua galega no ámbito do

Corpo Nacional de Policía”, que foi distribuído amplamente nas comisarías. Dicia aquela Declaración: “A recuperación social da lingua galega é unha tarefa inexcusable se queremos ser un país democrático e avanzado de cidadáns máis libres, máis cultos e máis solidarios. Esta tarefa é inalcanzable se a ela non se incorporan aquelas institucións básicas que artellan a sociedade e que son o referente para as xentes do común”. Asinaban a Declaración a Confederación Española de Policía, Sindicato de Comisarios de Policía, Sindicato Profesional da Policía, Sindicato Unificado de Policía e Unión Federal de Policía. Este foi o comezo do cambio.

Paralelamente, fóronse sucedendo reunións a caneiro cheo cos comisarios-xefes do CNP, que foron manifestando as súas simpatías coas propostas galeguizadoras coa inestimable colaboración dos xefes superiores que eran galegofalantes, Avelino de Francisco e nomeadamente pola constancia de García Mañá que ademais era escritor en lingua galega.

Unha parte do proxecto deseñado pola AFNLG estaba realizado. A mellor mostra foron as declaracións feitas por Xosé L. Freire, secretario xeral do SUP que un medio de comunicación titulou así: “A reprimenda dos superiores por falar galego pasou á historia”. Efectivamente, o compromiso entusiasta de todos os comisarios-xefes de

Galicia foi decisivo.

Con colaboracións de coñecidos escritores e moitos comisarios, inspectores e policía da escala básica editouse “Palabra por palabra. Contos da Policía”, unha iniciativa novidosísima sen precedentes.

Pero aínda quedaba por integrar a Garda Civil. Sen a súa incorporación o proxecto normalizador quedaría incompleto. Mantivéronse conversas con dous xenerais, Manuel Ferreiro Losada e Gonzalo Jar Couselo, ambos dous galegofalantes, xa falecidos. A sintonía foi total, ata o punto de que este último, que amais de xeneral de división era profesor universitario e autor de numerosa bibliografía, pedíra o ingreso na AFNLG.

Pero aínda quedaba dous puntos de soldadura importantes. Primeiro, a celebración dun seminario en réxime de internado unha fin de semana no Hotel Mosteiro de Aciveiro. Naqueles días de memorable nevarada, participaron todos os comisarios e xefes da Garda Civil e unha representación de xuíces e fiscais da Irmandade Xurídica Galega. O Fiscal Superior de Xustiza, Carlos Varela García foi decisivo neste proceso, para estudarmos o alcance da normalización lingüística nas institucións policiaís e unificar criterios nas actuacións; e 2) a publicación dun voluminoso libro (759 páxinas), titulado “En galego, con toda seguridade” (pódese descargar en www.galeguizargalicia.gal), ao coidado do deseñador gráfico e fotógrafo, Pío García coa colaboración de moitísimos mandos policiaís, e tamén a participación

de medio cento de alcaldes e os xefes das respectivas policía locais con candanseu texto apoiando a normalización lingüística. Para a súa edición contouse coa subvención da Secretaría X. de Política Lingüística, que entón dirixía dona Marisol López.

Rematou o proxecto iniciado en 1990 cunha coidada posta en escena da presentación da devandita publicación no Hostal dos Reis Católicos na que participaron 250 uniformados de todos os corpos policiaís e graos. Non podo poñer cabo a este relato sen contar unha anécdota reveladora, porque manifesta a importancia do entusiasmo que require calquera iniciativa para chegar a bo fin: convidáramos ao Presidente da Xunta de Galicia a presidir o acto. Pasaban os días e non tiñamos a confirmación do seu Gabinete. Ata que por fin, despois de insistirmos moito, media hora antes do comezo recibimos unha chamada telefónica anunciando a súa presenza. Unha comisión recibíuno na porta do Hostal. Camiño da Capela Real colleume dun brazo e preguntoume confidencialmente: Canta xente hai? Pensaría que seríamos unha dúcia como moitos. Ti entra e xa verás, respondílle. Chegados á entrada da Capela, sorprendido por aquel escenario díxo: Isto non seríamos capaces de facelo nós!. Presidente, díxenlle, a vontade move montañas.



Por Amador Rego Villar-Amor

Cincuentenario dunha desaparición

Tal día como hoxe hai 50 anos, 17 de novembro, martes igual que entón, o Banco da Coruña deixaba de existir. A súa primeira etapa breve e afastada, trasládanos á cidade Herculina o 28 de xaneiro de 1856, cando por decisión dun grupo de empresarios que velaba polos intereses da cidade créase este banco en 1875. Por Decreto, Echegaray tivo que desaparecer. O motivo: “Non podía emitir billetes ningunha entidade que non fose Banco de España. Banco de España que como tal empeza en 1856. Aqueles empresarios ou os seus descendentes queren recuperar aquel proxecto e en lugar dun banco crean dous, o Crédito Gallego e outro é o Banco da Coruña que se constitúe na Coruña, mediante escritura de fundación que se fai nesta cidade o 8 de decembro de 1917 cun capital social de 5 millóns de pesetas, representado por dez mil acciones de cincocentas pesetas nominais cada unha. A primeira oficina do Banco inaugúrase en Coruña o 1 de fe-

breiro de 1918. En Ourense o 1 de xuño de 1928.

Como primeiro presidente e fundador é don Dionisio Tejero Pérez ata o 28 de abril de 1941, que o substitúe don Miguel Sánchez Barros ata o 23 de novembro de 1947, finalizando as presidencias deste banco con don Andrés Vilariño Alonso ata o 17 de novembro de 1970, que pasa a ser absorbido por Banco de Bilbao. Continúa varios anos máis como presidente do Consello Rexional do Banco de Bilbao. Oficialmente foi en novembro de 1970, pero xa dous anos antes xa estaba absorbido. A data desta desaparición queda reflectida no último de billete de 100 pesetas emitido en España. Anos máis tarde é posto en circulación o 20 de marzo de 1974, coa figura do músico Manuel de Falla.

Dicir tamén que co Banco de Bilbao, tiñamos unha relación preferente, sobre todo nas comisións que se aplicaban que eran superiores ás dos demais bancos, do mesmo xeito que este facía co Banco da

Coruña. A relación máis directa de Ourense era coa sucursal de Banco de Bilbao, en Vigo. Recordo perfectamente cando en febreiro de 1968, celébrase o 50 aniversario da súa fundación con actos en todas as oficinas, aos empregados déranos dúas pagas extras. Díciase entón que eran pola primeira columna, que era soldo base máis antigüidade e sen desconto algún. Recordo que entón con dous trienios un administrativo cobrou 13 mil pesetas. O salario base por entón rozaba o 3 mil pesetas ao mes. O Banco de Bilbao xa era propietario dun 40% do capital de Banco Coruña.

Co Banco da Coruña estábamos ben, pero melloramos moito máis cando pasamos a ser Banco de Bilbao; gozamos das bolsas de estudo para os fillos, axudas sanitarias, caderno de horas extraordinarias, bolsa complementaria de vacacións, premios de antigüidade, crédito de vivenda con intereses moi baixos, bolsa de Nadal así como tamén os xoguetes por Reyes para os fillos. Cando fué a integración os empregados do Banco Coruña, cobraron os premios de antigüidade coma se fosen do Bilbao.

Daquela época 1970 quedan en Galicia sobre 140 empregados e na provincia de

Ourense somos 21 que estábamos na data da absorción. Cando empecei traballar en Ourense en abril de 1962, eramos 50 empregados. A maior parte do traballo faise a man, o que facía que dependésemos uns doutros coa agravante da escaseza de máquinas de sumar. Recordo o que era facer a Remesa que era o envío de letras de cambio a toda España e a provincia con 150 cartas todos os días, a man e sen máquinas.

Co paso dos anos aquilo lémbrese con moita nostalxia, as vivencias e anécdotas que ocorrían todos os días, de bromas e rozamentos con compañeiros que hoxe somos bos amigos. Aproveito para lembrar con agarimo aqueles compañeiros que nos precederon e non están connosco que superan o número de 60. Hoxe en Ourense cidade aínda estamos 15 e na provincia 6. Todos os anos xuntámonos nunha comida que este ano por motivos deste virus non podemos; só nos queda lembrar aqueles felices anos.



“Os caprichos espidos”, de Xosé Poldras, expostos na Sala Valente

O Concello abre ao público, na sala Valente, a exposición 'Os caprichos espidos', de Xosé Poldras (A Coruña, 1969), unha colección que combina unha parte artística, de creación orixinal, e outra divulgativa, referida á carpeta dos famosos gravados de Francisco de Goya. 'Os caprichos espidos' contén 80 debuxos, coa técnica de grafito sobre papel, que forman parte dunha obra gráfica máis extensa (160 debuxos en total) executados para acompañar o estudo teórico sobre unha vertente dos Caprichos, tema da tese de doutoramento de Xosé Poldras,

lida en 2015 na Universidade de Vigo, Facultade de Belas Artes. Ademais do interese plástico, estes debuxos constitúen un estudo anatómico pormenorizado de todos os personaxes que poñen a carpeta de Goya.

Parte do interese desta nova exposición son os textos divulgativos, onde o público poderá apreciar algunhas conclusións, as máis sorprendentes, curiosas e rechamantes sobre a forma de entender o debuxo de Goya, e a perspectiva que lle abriu a pintura á arte do noso tempo. “Por algo o artista zaragozano é recoñecido polos estudosos como o último

gran mestre da pintura clásica e o primeiro pintor moderno”, afirma Poldras.

Tamén se poderán ver un conxunto de 12 linografías, realizadas expresamente para esta exposición, que mostran composicións coreográficas dalgunhas das figuras anteriores, vistas agora dende outro prisma: as da linguaxe artística de Poldras. Nelas pódese identificar, con maior evidencia, a linguaxe que leva desenvolvendo o autor na súa carreira como gravador.

A mostra inclúe a edición facsímil editada pola Universidade de Zaragoza dos Caprichos, co engadido de seren únicos polos



Litografía de Poldras.

textos manuscritos. Só outros dous exemplares coñecidos en todo o mundo presentan esta particularidade, o da Biblioteca Nacional de Madrid e o do Museo de Pontevedra, que teñen manuscritas outras intervencións di-

ferentes.

A exposición pódese visitar no horario habitual da sala Valente (rúa do Paseo 4): de martes a sábado, de 11:00 a 13:30 horas e de 18:30 a 21:30 horas, e os domingos de 11:00 a 13:30 horas.

O “Premio Otero Pedrayo 2020” foi para catro fundacións

As catro fundacións que defenden o legado de Vicente Risco, Otero Pedrayo, Losada Diéguez e Castelao, recibiron o Premio “Otero Pedrayo” 2020. Manuel Baltar, presidente da Deputación de Ourense, quen entregou os galardóns dixo no seu discurso que o pulo, o espírito e os postulados da Xeración Nós: unha terra, un pobo e unha fala, “perviviron ata a transición democrática e foron os alicerces que urdiron o noso autogoberno; hoxe seguen a ser válidos e vixentes. Todas as forzas políticas galegas deben telos moi presentes, non só como legado, tamén como camiño”.

Baltar destacou que “esa foi a motivación da proposta da Deputación de Ourense: honrar a quen honra. Contribuír a unha maior difusión das obras e do fecundo labor patriótico de Vicente Risco, de Antón Losada Diéguez, de Ramón Otero Pedrayo e de Alfonso Rodríguez Castelao, a través das súas respectivas fundacións que, con encomiable traballo, nos achegan -sobre todo á mocidade actual- á vida e os libros duns homes irrepitíbles. E tampouco quixemos esquecer a memoria do pai da nosa arqueoloxía,



O acto celebrouse no Paraninfo do Instituto Otero Pedrayo de Ourense.

Florentino López-Cuevillas e a palabra do poeta da Raza, Ramón Cabanillas”.

Desde 1997

O presidente da Deputación dixo que para o goberno provincial “este acto de entrega dun galardón instaurado en 1977 por iniciativa das catro deputacións de Galicia adquire unha significación especial. Tal día coma hoxe, hai cen anos e nesta cidade, aparecía, “pra ledicia de todos e pra ensino de moitos”, Nós, o Boletín Mensual da Cultura Galega, Órgao da Sociedade Galega de Pubricacións”.

“Se a esta conmemoración lle engadimos a emoción de celebra-

neste paraninfo, no Instituto no que estudaron tres dos grandes ourensáns daquela xeración, Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo e Florentino López-Cuevillas e no que tamén foron profesores Antón Losada Diéguez e o propio Otero Pedrayo, non esaxero se afirmo que estamos facendo historia”, expresou Manuel Baltar, engadindo que “a ourensanía, como a definiu Luís González Tosar, constitúe unha peculiaridade, o noso sentimento de pertenza á Terra Nai, parte substancial desta nación cultural que chamamos Galicia, estendida por todo o mundo. Os ourensáns experimentamos ese sentimento alí onde nos atopamos,

dentro ou fóra, e manifestámolo sempre con orgullo, transformándoo, cada quen na medida das súas posibilidades, en accións que teñen contribuído ás diversas esferas da actividade humana, moi especialmente no eido cultural”, afirmou Manuel Baltar.

O acto contou coa laudatio por parte de Luís González Tosar. Os galardóns foron recibidos por Carlos Mella (Fundación Castelao); por Patricia Torres (Fundación Losada Diéguez), por Juan Luis Saco (Fundación Otero Pedrayo), e por Luís Martínez Risco (Fundación Vicente Risco). A parte musical correu a cargo de Aurum Ensemble.

O premio Carlos Casares ten seis nominados



O primeiro “Premio Carlos Casares-Kristina Berg Talento” ten seis nominacións desde que se convocou en xaneiro pola Fundación Carlos Casares e a Deputación de Ourense. Está dotado con 10.000 euros e busca recoñecer o talento activo dunha persoa, de menos de 36 anos, nalguna das áreas de coñecemento e colaborar no seu desenvolvemento no marco dun proxecto vital interesante e prometedore.

En outubro rematou o prazo extraordinario de recepción de candidaturas, téndose recibido un total de oito, das que seis cumprían todos os requisitos e foron seleccionadas para someter ao xurado, que está composto, ademais de polos presidentes da Fundación Carlos Casares e da Deputación de Ourense, por María Canosa Blanzo, Fernando González “Gonzo”, María Martín-Torres e Cristina Pato.


O fallo terá lugar durante a primeira semana de decembro, e a entrega do premio producirase o mesmo mes, na cidade de Ourense, nunha data compatible co estado da pandemia e que se comunicará con antelación.

Humor

MARTIRENA



ANTOMS



FUCO PRADO



Entrevista

Por Moncho Mariño

Sole Felloza, directora Festival Atlántica

“Hai xente que mira o mapa para ir poder ver aos artistas de Atlántica”

O Festival Internacional de Narración Oral, Festival Atlántica, afronta esta edición de 2020 con espectáculos en diferentes concellos de Galicia. Aínda así, segundo a súa directora, Soledad Felloza, houbo que refacer e reinventarse ante as medidas e restricións sanitarias, cousa esta que impediu a chegada dalgúns artistas internacionais. A tecnoloxía puido suplir parte do espectáculo, mais non se renunciou á interacción co público e así, Atlántica, segue repartindo historias chegadas de varios lugares de dentro e fóra de Galicia.

-Que “sacrificios” tivo que tomar Festival Atlántica en relación coas medidas sanitarias que se tomaron coa COVID?

Déuse a situación que Atlántica, no mes de marzo cando nos confinaron, estabamos en plena realización. Xa tiñamos o 50% das actuacións cando houbo que retirarse. Por tanto, foi complicado sacar rapidamente á xente de Colombia, de Brasil, de Francia, de Portugal e de Venezuela. Non só implicou os cambios de billetes senón que directamente había compañías que non estaban a saír. Os compañeiros de Brasil quedaron un mes enteiro en Lisboa. O motivo é que Brasil non recibía pasaxeiros procedentes da Península Ibérica. Foi complexo, mais tiñamos claro que cando todo o mundo comezou a marchar, era esa sensación agriadoce de marchar sen despedir e sen rematar o traballo. Alí mesmo, no hotel, a xente comezou a gravar un par de historias que deixamos subidas ao Youtube do Festival co lema “O Conto Non Para”. Así, durante todo o ano fomos estudando a situación mentres decidíamos que agora en novembro tiñamos que completar a edición porque non podíamos ter a cabeza na edición do ano seguinte sen rematar esta. Así que decidimos completar a programación cos artistas que si podíamos traer. Se algún sacrificio

tivemos que facer foi non contar con Carolina Rueda de Colombia, con Aline Candia e Xico do Ceu de Brasil. Con todo, coa colaboración xenerosa do equipo de aquí de Galicia, sacamos adiante o resto da programación.

-Atlántica ten diferentes datas para realizar as súas representacións en diferentes lugares.

Aínda que ten como sede central Santiago, desde o ano en que naceu, Atlántica sempre tivo o espírito de percorrer Galicia. Así cada ano imos visitando varias localidades, porque unha das maneiras en que economicamente sexa factible traer artistas de fóra é a forza da unión. Entón, non é



que, de non facelo así, sería imposible levar artistas internacionais e galegos de gran nivel. A isto sumarlle unha programación e comunicación coordinada que permite durante os días do festival, falar de Atlántica e onde irá. Agora, coa situación que vivimos, mais temos xente que mira o mapa para poder ver os artistas.

-Como describirías a receptividade a Atlántica en lugares máis pequenos, menos inseridos en circuitos culturais?

Pois é unha agradabilísima sorpresa e era co que contabamos, dígoo sinceramente. Si que é certo que en cidades grandes podes ter mellor receptividade porque a xente está moi afeita a participar en actividades culturais. Mais tamén é certo que o público das vilas pequenas, lugares do rural, recibe o festival con moita alegría. Nalgúns casos porque non terían oportunidade de ver os artistas e noutros casos polas fantásticas programacións. En Galicia temos xente que pro-

grama en lugares pequenos ao mesmo nivel que as grandes cidades, dentro das súas posibilidades. Por iso mesmo apostamos polos lugares pequenos porque o público é marabilloso. Á parte, non esquezamos que a narración oral, os contos, ás veces teñen máis proximidade coas persoas de lugares pequenos que co público das cidades grandes porque polo ritmo de vida esqueceu a arte de narrar.

-Cales son os espectáculos máis atractivos para o público de fóra das cidades grandes?

É curioso, porque pensas que van tirar máis polos galegos, mais o feito de que moito público teña emigrado fai que, por exemplo, traes un contador de México e aí vai xente que emigrara alí. Pasounos en Pazos de Borbén, trouxemos contadores de Brasil e nese concello hai moita xente que emigrara ao Brasil. As persoas os reciben con cariño porque é case un reencontro. Desde Atlántica queremos que a xente faga unha viaxe polos países destas historias que están arredor do Atlántico. As persoas aceptan gustosas as propostas para coñecer

eses lugares.

-Existe unha linguaxe universal dos contacontos?

Existe unha temática universal, a todos nos interesa a morte, o amor, a todos nos gusta rir ou escoitar unha boa historia de aventuras. A diferenza está nos trazos, mais as temáticas repítense moito. Un ano un contador bretón comezou a contar que na Bretaña crían que desde unha illa saía pola noite unha procesión de mortos e a xente dixo “aquí chámanlle a Santa Compañía”. O increíble da narración oral é que comezas a descubrir que o teu mundo é moito máis grande. Todas as historias se suceden e se repíten adaptándose ás características dos lugares.

-Esperades algunha sorpresa para este ano tan estraño que vivimos?

As sorpresas sempre son benvidas, son parte do alimento da ilusión. Espero que haxa algunha sorpresa porque estamos traballando moito, e compartíamola con toda a xente de Atlántica cara o ano, porque nos permitiría que o 2021 a edición sexa máis grande.



o mesmo que pague billetes de avión un concello pequeno, que os gastos sexan compartidos entre varios. Iso fai tamén que os custes do festival non sexan moi elevados para cada concello. Ademais, isto permite achegar artistas a lugares

A Xunta pon en marcha o Pacto pola Paisaxe na Ribeira Sacra

A conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, presidiu a firma do convenio de colaboración polo que se impulsarán accións para velar polos valores naturais e patrimoniais que atesoura esta área de interese paisaxístico, que resulta da fusión de dúas: a do Canón do Sil e do Canón do Miño. Este convenio implica un orzamento de 550.000 euros, que serán achegados pola Xunta de Galicia na súa totalidade.

O Pacto pola Paisaxe da Ribeira Sacra -o segundo que se firma en Galicia, despois do de Cerdedo-Cotobade- recolle unha serie de actuacións iniciais, como a realización de muros e esgrafiados, a delimitación de itinerarios de interese paisaxístico, a organización de eventos culturais e de ocio, así como a organización dunha

mostra itinerante sobre esta zona que percorrerá toda Galicia. Este Pacto pola Paisaxe é un dos dez proxectos que integran o Plan de acción estratéxico para a Ribeira Sacra, dotado cun orzamento de 3,5 millóns de euros, e que representa unha estratexia de actuación ambiental e de ordenación do medio físico beneficiando a un total de 30 concellos.

Plan hUrbe

A conselleira destacou que algúns dos proxectos están xa materializados, como a unificación das dúas áreas de especial interese paisaxístico nunha, a declaración da Área Integral da Ribeira Sacra e a convocatoria de axudas para a financiación de accións en materia de rehabilitación, e a recuperación dos espazos públicos grazas aos investimentos a cargo do Plan hUrbe, cun total de oito actuacións en senllos concellos



A sinatura realizouse no mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil (Parada de Sil).

desta zona e que suman un importe de 650.000 euros. Tamén, no eido da ordenación, salientou o Plan de Ordenación do Medio Físico para San Fiz de Asma, no Concello de Chantada.

O plan estratéxico tamén inclúe medidas para dar a coñecer o patrimonio natural que atesoura a

Ribeira Sacra, polo que se traballa na posta en marcha da iniciativa Árbores con historia, unha nova ruta específica para esta zona que seguirá o esquema das tres rutas xa existentes (Santiago-Rías Baixas, Ourense Occidental e Ourense Oriental), co fin de divulgar os elementos incluídos no

Catálogo Galego de Árbores Senlleiras, que se localizan na futura Reserva da Biosfera.

Nese sentido, a conselleira recordou que a Xunta de Galicia defende a divulgación como ferramenta de protección e conservación, polo que se impulsan medidas para protexer o patrimonio natural, pero tamén que permitan revitalizar o seu atractivo, facendo que estes espazos naturais sexan máis sostíbeis e compatibilizando a súa conservación co seu uso e desfrute. Destacou que Galicia atesoura paisaxes espectaculares e únicas, que na Ribeira Sacra se concentran nos incomparables canóns dos ríos Miño e Sil e que son un auténtico reclamo para o turismo sostíbel con capacidade de xerar emprego e riqueza, un aspecto clave no desenvolvemento económico de poboación local.

O pintor Paco Ascón presentou o seu primeiro libro

Tener o Ser" é a primeira obra literaria do recoñecido pintor ourensán, nado en Barcelona, Paco Ascón. Un compendio de filosofía poética, cargado de loita e reivindicación, un libro de lectura doada, que recorda "O Principiño" de Antoine de Saint-Exupéry, agochando entre liñas as mais fondas mensaxes dun xeito maxistral.

O autor acompañado de Xabier Casares, presidente do Liceo Ourense e de Avelino Jácome director de Orixe Publicidade a empresa encargada da Comunicación do evento, con un escrupuloso tratamento na seguridade sanitaria e co aforo reducido a 50 personas, o autor disculpouse con todos aqueles que por esta causa non puideron asistir o acto.

Abriu o acto Xabier Casares que fixo unha breve exposición da biografía de Ascón, cargada de cariño e complicidade.



Paco Ascón, no centro da foto.

De seguido Avelino Jácome realizou un comentario literario sobre o libro, concluíndo que se trata de: "Un libro imprescindible, para turrar cara adiante nestes tempos de pandemia." Pechou as intervencións o autor que fixo un resume do libro explicando que "este libro parte da miña experiencia dende os sete anos ata hoxe." O remate firmou exemplares da obra que todos os asistentes quixeron levar para as súas bibliotecas.

O ilustrador David Rubín presenta recopilación do seu traballo



Sala de exposicións de Afundación na Praza Maior de Ourense.

Sacrificio e ascensión: 15 anos de cómic de David Rubín" mostrase na sala de exposicións de Afundación. Na mostra ofrécese un percorrido polo universo creativo do ourensán David Rubín ao longo dos anos. A exposición percorre de maneira antolóxica as diferentes etapas, influencias e series creadas polo ilustrador, partindo dos seus primeiros traballos en Galicia para acabar cos últimos no mercado americano. "É un dos historietistas españois máis recoñecidos nos últimos anos. É cofundador do colectivo Polaquia, formado por historietistas de Galicia. Este

ano foi candidato a catro premios Eisner en catro categorías diferentes" din en Afundación. A mostra presenta unha ferramenta de realidade aumentada, grazas á cal o visitante pode a través do seu móbil ver a sucesión de capas e traballos que deron lugar á obra final. A exposición é a mostra máis extensa dedicada ao artista ourensán. Nas máis de 230 obras reflíctense todos os seus fitos creativos. A mostra estará aberta ata o 17 de xaneiro. De luns a venres: de 17.30 a 20.30 horas. Sábados, domingos e festivos: de 12.00 a 14.00 e de 17.30 a 20.30 horas.

Teatro infantil e familiar en Monforte con Proxecto Noee de Sarabela Teatro

O Concello de Monforte continúa adiante co ciclo de teatro previsto para o último trimestre do ano 2020, contando coas medidas de seguridade necesarias ante o Covid-19 para a realización de cada unha das actividades programadas. No Edificio Multiusos houbo outra cita co teatro para público infantil e familiar dentro do programa aculturasegure de Política Lingüística da Xunta de Galicia. A compañía Sarabela Teatro presentou Proxecto Noee, obra composta e dirixida por Fina Calleja e coa interpretación de Elena Seijo, Fernando Dacosta e Sabela Gago. A entrada para esta obra foi gratuíta e o

aforo limitado.

Neve, tres pingüíns, o desxeo e dous boletos para a A.R.C.A. (Aparello Rescatador de Animais) de Noee (Novos Observadores Especialistas da Evacuación) son os elementos desta historia narrada cunha linguaxe sinxela e contundente. Os pingüíns reflexionan sobre o valor da amizade: como facer para salvarse os tres cando só teñen dúas pasaxes? Cando está permitido e cando non romper as regras?. Tres amigos enfróntase ao dióivo universal, ou ao cambio climático ou como lle queiramos chamar neste principio de século. As ordes son moi claras, so están convidados dous. Na ARCA só



Unha escena da obra de Fina Calleja.

admiten parellas. Nestas circunstancias pregúntanse polas leis humanas e divinas, polo da existencia, pola amizade e o desexo de sobrevivir á conta do outro,

o "outro como algo moi diferente ao meu. Con humor e espírito lúdico o espectáculo prantexa preguntas ao redor da nosa relación coa natureza.

O Concello finaliza a limpeza na Catedral



A Catedral sufrira un acto vandálico.

Área de Medio Ambiente, finalizou as tarefas de limpeza na Catedral de Lugo debido ao acto vandálico do que foi vítima este edificio catalogado como Patrimonio da Humanidade e Ben de Interese Cultural. Para proceder á limpeza, a empresa encargada utiliza produtos químicos especiais que non causan estragos na superficie afectada. O Concello fai un chamamento "ó civismo dos veciños e veciñas de Lugo, recordando que este acto vandálico ten un custe para todos e lembra que o Código Penal castiga aos que derruben ou alteren gravemente edificios singularmente protexidos polo seu interese histórico, artístico, cultural ou monumental".

O Concello ten implantado o servizo gratuíto de 'Limpeza de fachadas' dende o ano 2002 de tal xeito que se eliminan as pintadas "que nada teñen que ver co atractivo traballo que realizan recoñecidos grafiteros".



ArtesaCía puxo en escea en Monforte "Chola a it girl"

O Concello de Monforte continúa co seu ciclo de teatro, dentro da programación da Rede Galega de Teatros e Auditorios para o último trimestre do ano, cunha actuación da Compañía ArtesaCía coa posta en escena da obra "Chola a it girl", obra composta, dirixida e interpretada por Laura Villaverde.

Chola, mecánica de coches, blogueira e youtuber galega é contratada por un teatro para presentar o seu monólogo ó máis puro estilo de show escénico youtuber. A través da presenza no escenario do seu coche Opel Calibra do 2000 transmite, con exemplos prácticos e didácticos, estratexias para poder descubrir quen somos, que nos gusta, que nos diverte... e sobre todo, saber recoñecer de onde vimos. Para todo isto, axudase de vídeos exclusivos, proxectados con técnica de videomapping, desafíos en vivo, consellos automobilísticos e dunha gran dose musical. Cando parece que o show envolve a escena, revélase nun descoido de Chola no medio do show un cadaleito que sae do maleteiro do coche, no que está o cadáver de



Representación de Chola a it girl, da compañía ArtesaCía.

Lito. A través dun diálogo Chola deixa entrever ó público un outro traballo non tan glamuroso. E é a partir de aquí onde Chola revela a súa connotación de It girl con inxenio, humor e personalidade reflexando a súa realidade imperfecta, que está fora dos canons da imaxe actual da felicidade e do que debería ter éxito virtual. Manifestando a importancia da sabedoría popular e do uso das novas tecnoloxías

a través das diversas situacións nas que se pode ver unha muller adiantada respecto ó seu tempo e a sociedade rural na que vive, polo seu inconformismo, talento, forza, e personalidade, pero tamén, pola súa busca incansábel de posibilidades para cultivarse e aprender, e pola súa teima e constancia por fuxir dos canons actuais do que debería ser unha muller tendencia.

A seguinte obra do ciclo de

teatro para adultos, dentro da Rede de Teatros e Auditorios, programado polo Equipo de Goberno do Concello de Monforte será A conquista da escola de Madhubai da compañía Teatro do Atlántico que terá lugar o xoves 12 de novembro no Edificio Multiusos ás 20:15 h, sendo o prezo da entrada xeral de cinco euros e de tres euros para estudantes, desempregados e xubilados.

Protocolo

Para o desenvolvemento deste ciclo de teatro que abranguerá de outubro a decembro do presente ano, o Concello de Monforte contará con medidas de seguridade e protección ante o Covid-19: A capacidade do local dependerá da situación sanitaria no momento de cada actuación. A venda de entradas farase dende unha hora antes da actuación. A entrada ó salón de actos realízase dende trinta minutos antes do comezo da obra. Será obrigatorio o uso de máscaras de protección e a utilización da solución hidroalcohólica para as mans. Gardarase a distancia social de seguridade. Non se tomará asento ata que o acomodador lle indique o seu sitio.

O Concello reforma a cuberta do Edificio Multiusos de Monforte

O alcalde de Monforte, José Tomé Roca, acompañado pola primeira tenente de alcalde e concelleira de Facenda, Gloria Prada, e polo concelleiro de Obras e Servizos, José Luis Losada, deu a coñecer un novo proxecto de mellora de infraestruturas da cidade que neste caso abordará a reforma integral da cuberta do Edificio Multiusos.

Tomé sinalou que “o proxecto que presentamos hoxe ten que ver coa mellora das infraestruturas públicas que o Concello está levando a cabo en todos os campos para mellorar a prestación de servizos ós veciños e veciñas de Monforte, e neste caso, imos mellorar unha infraestrutura cultural e de servizos, como é o Edificio Multiusos, que foi construído hai 20 anos”.

O Edificio Multiusos, situado na Rolda María Emilia Casas Baamonde, alberga a sede do Conservatorio Municipal de Música Mestre Ibáñez, da Escola de Música e Danza, do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia (CRAEGA), de diversas accións sociais, e ademais acolle a celebración de múltiples actos culturais ou exposicións.

Tomé Roca analizou a situación actual do edificio, incidindo en que “máis aló de cuestións estéticas, o deseño e a construción deste edificio, puxo de manifesto moitas carencias construtivas, tanto de carácter funcional, como de carácter estrutural, que se ven

arrastrando dende a súa propia construción”. O alcalde, puxo diversos exemplos destas carencias funcionais, tales como o funcionamento do ascensor, que nunca funcionou ata a chegada do actual equipo de Goberno, encargándose entón a súa reparación; non era un edificio accesible ata que se fixo a rampa para cadeiras de rodas nunha das portas de acceso; no salón de actos, o anfiteatro está sen asentos, porque a falta de inclinación do chan non permite ver o escenario salvo dende a primeira fila; e sempre houbo filtracións de auga de chuva e humidades en moitas zonas do edificio.

“Pero quizás o maior problema” destacou o rexedor monfortino “é, o problema estrutural, dado que é realmente o que motiva este proxecto, debido a que o edificio foi deseñado e construído co teito plano, nas diferentes alturas que ten o edificio, o que resulta inadecuado para zonas de choiva, como é o caso de Galicia, podendo ser válido este tipo de teitos para o sur da Península pero non serven para lugares como Monforte”.

Do mesmo xeito, a placa dos diferentes niveis do teito está recuberta cun illante e con gravilla que ademais de ser inadecuada para esta zona, semella que ten defectos de construción porque leva moitos anos filtrando auga de choiva, cos consecuentes perxuízos para o edificio.

Proxecto integral

“Diante desta situación, o equi-

po de goberno decidimos levar a cabo a mellora integral do teito do Edificio Multiusos, para tratar de eliminar calquera tipo de filtración de auga de choiva, o que levan consigo un proxecto certamente relevante dado que estamos a falar de moitos metros cadrados de cuberta, concretamente 2.112,10 m² que ten o actual teito do Edificio Multiusos”, anunciou o alcalde.

Esta decisión foi tomada polo Equipo de Goberno tras consultar con varios técnicos, que coincidiron en aconsellar a colocación no edificio dunha nova cuberta con vertentes para evitar a acumulación de auga de choiva en calquera das zonas do teito, e evacuala fóra do edificio cos necesarios baixantes.

A reforma da cuberta consiste no cambio de estrutura para realizar todas as cubertas como cubertas inclinadas, por encima dos muros perimetrais da edificación, formando un pequeno aleiro con canalón visto en aluminio, a excepción da terraza, que se realizará por dentro dos muros cun canalón oculto.

Todas as cubertas do edificio que se sitúan a distinto nivel, levarán de material da nova cobertura, un panel tipo sandwich e 50 mm de espesor, exceptuando a zona do aleiro que se realiza cunha tela asfáltica autoprotexida, mantendo a altura, a forma e o volume edificado, aumentando lixeiramente a superficie da cuberta polos aleiros engadidos, para ver-



Rolda de prensa para explicar o proxecto.

ter as augas pluviais fora das paredes do edificio.

A nova cuberta foi deseñada para conseguir un óptimo comportamento fronte ás accións do vento e a choiva, para unha correcta impermeabilización, para a evacuación de augas, para acadar un acondicionamento acústico (xa que agora cando chove fai moito ruído), e para dotalo tamén dun illamento térmico axeitado, cumprindo coa limitación da demanda de enerxía establecida para os edificios deste tipo de características.

A cuberta que se vai implementar na segunda planta resólvese cun panel sandwich de 50 mm, de dobre capa de aceiro, con illamento intermedio, colocado sobre correas de aceiro e unha estrutura metálica formada por cerchas de perfís angulares e vigas de aceiro laminado. Toda esta estrutura apoíase nos pilares de formigón existentes da estrutura do edificio, mediante uns pilares empresillados de aceiro formado por pletinas de 10 mm de grosor, que se corresponden coa zona do edificio xusto por riba do Salón de Actos.

No resto dos niveis da cuberta, a solución é semellante colocando ademais uns tabiques de ladrillo perforado para a conformación da pendente, que se levantarán dende a parte máis interior da cuberta plana, para conseguir a inclinación hacia o exterior. Ademais da estrutura e da nova cuberta, tamén se realizará o pintado das fachadas que será cunha pintura acrílica á auga axeitada para exteriores e fachadas, moi resistente á intemperie, lavable e resistente ó roce húmido.

O alcalde anunciou que o proxecto sairá a licitación nos próximos días, será por concurso aberto, e dende o Concello valorarase tanto a oferta económica, a calidade técnica das obras, así como as garantías da mesma (póliza de seguro). O orzamento de licitación ascende a 255.812,85 euros, “o que xa por si solo indica a envergadura e a importancia desta inversión para mellorar un edificio tan utilizado polos veciños e veciñas de Monforte como é o Edificio Multiusos que ademais ten fácil acceso e unha ampla posibilidade de estacionamento nas súas proximidades”, concluíu Tomé Roca.

Presentación en Lugo do libro “Don Ricardo de Fingoi”

Foi presentado na Biblioteca Provincial de Lugo o libro “Don Ricardo de Fingoi”, sobre os quince anos lucenses de Ricardo Carballo Calero. Á presentación asistiron vinte persoas que se inscribiron telematicamente e que completaron o aforo legalmente permitido.

Participaron no evento Javier Arias, delegado da Xunta de Galicia en Lugo; Valentín García, secretario

xeral de Política Lingüística; Magalí Carballo, filla do escritor; Asunción Fernández (Siña), directora do Colexio Fingoi; e Xulio Xiz, presidente do Colectivo Egeria.

No decurso deste acto rendeuse homenaxe á discípula de Carballo Calero, Araceli Herrero Figueroa, recentemente falecida, e que tivo parte importante na confección deste libro e preparación de documentación para o proxecto “Don

Ricardo de Fingoi”.

O libro, que conta co patrocinio da Xunta de Galicia e a colaboración da Real Academia Galega e o Colexio de Fingoi, reflicte as “pegadas de Carballo Calero en Lugo”, onde permaneceu quince anos (1950-1965), e desenvolveu unha moi importante actividade na investigación, na educación e na escrita.

O proxecto “Don Ricardo de



Fingoi” inclúe, ademais deste libro, unha web e unha exposición itinerante con opinións e lembranzas de ex-alumnos de Carballo

Calero no Colexio de Fingoi, ademais dun folleto que reflicte integramente os trece paneis da exposición.

A Fundación Sargadelos recuperará o Museo Carlos Maside de Arte Contemporánea

O novo patronado da Fundación Sargadelos quedou constituído o pasado día 26 de outubro. Segismundo García, presidente; o economista Alberto Leiro, como vicepresidente e tesoureiro; Luís Rodríguez (Lois Caeiro) como secretario; Román Rodríguez, profesor titular da USC e conselleiro de Educación; Bieto Rubido, xornalista, Camilo Díaz, en representación do Laboratorio de Formas. E en representación da Xunta de Galicia e dos concellos de Cervo e Sada, Anxo M. Lorenzo, director Xeral de Políticas Culturais e os respectivos alcaldes, Alfonso Villares e Óscar Benito Portela.

Os acordos adoptados refírense á recuperación e posta ao dispor do público visitante do Museo de

Arte Contemporánea Carlos Maside, en O Castro (Sada); á potenciación de actividades nos renovados auditorios de Sargadelos, en Cervo, de O Castro, en Sada, e do Instituto Galego de Información (IGI), en Santiago de Compostela. Tamén á a realización dun simposio para o estudo da paisaxe, a arquitectura e o urbanismo de Galicia.

Segismundo García, administrador único das empresas, tras dar a benvida aos novos patróns, resaltou que superadas as circunstancias adversas que atravesara o grupo empresarial de Sargadelos, entende que é un deber cívico, nestes tempos de pandemia, non amedrentarse e acometer proxectos e iniciativas ilusionantes e que, en definitiva, redunden no benestar e a mellora da nosa calidade de vida.

Museo Sargadelos

O presidente da Fundación considerou un luxo a composición do actual Padroado, agradecendo a incorporación a título persoal do conselleiro de Cultura e Educación, Román Rodríguez, e dos representantes institucionais da Xunta e dos concellos de Cervo e Sada, onde Sargadelos ten factorías. Expresou igualmente que, dada a aptitude e cualificación dos patróns, sería imperdoable que non se obtivesen resultados brillantes.

A Fundación Sargadelos, sen ningún tipo de axuda pública, abriu xa aos visitantes o pasado verán as novas instalacións do Museo Sargadelos, que tivo unha excepcional acollida, coa visita de 4.652 persoas. O museo expón



Acceso ao Museo Sargadelos xunto á fonte deseñada por Arcadio Blasco, Carmen Perujo, Enrique Mestre y Silveiro Rivas.

pezas e obxectos únicos que mostran as diferentes etapas da emblemática cerámica de Galicia. As obras para este novo museo, lindiro coa fábrica de cerámica, realizáronse por Sargadelos nas instalacións do antigo Seminario de Formas, que as fábricas adquiriron o pasado ano para a súa posta ao dispor da Fundación.

No mes de setembro do próximo ano celebráranse as primeiras Xornadas de Arte e Deseño que nesta ocasión estarán dedicadas a cuestionar e reflexionar sobre a paisaxe e a arquitectura galega, co fin de prestigiar o noso hábitat e desterrar no posible, malos hábitos que, en ocasións, avergonzan ao visitante.

A Xunta adxudica a restauración de Santo Estevo de Ribas de Miño no Saviñao

A Xunta de Galicia vén de adxudicar os traballos de restauración nas cubertas e muros da igrexa de Santo Estevo de Ribas de Miño, unha das xoias patrimoniais da Ribeira Sacra. O delegado territorial de Lugo, Javier Arias, visitou o monumento xunto co alcalde do Saviñao, Juan Carlos Armesto, e explicou que os traballos contan cun orzamento de 312.731 euros e estenderanse por un prazo máximo de nove meses.

Esta intervención permitirá resolver as patoloxías do monumento, recoñecido como ben de interese cultural (BIC) desde 1931. En concreto, actuarase para eliminar as humidades e filtracións existentes tanto na cuberta como na fábrica do templo. Melloraranse

as condicións dos paramentos exteriores e da ventilación, repararanse gretas e fisuras e realizaranse labores de conservación nos elementos escultóricos exteriores.

As actuacións concretas previstas inclúen, entre outras, a restauración da cuberta da nave e ábsida, e a substitución das fiestras por outras que permitan a ventilación continua; selaranse con morteiro de restauración os danos da envolvente, procedendo á recolocación das pezas inestables da cornixa.

Restauraranse os elementos deteriorados das portas principal e lateral da igrexa; redactaranse os proxectos de restauración dos elementos escultóricos da portada, ocos románicos e cornixas, se-

gundo as prescricións técnicas do proxecto. Son traballos que serán posibles despois de que a Consellería de Cultura e Turismo e a Diocese de Lugo asinasen o pasado mes de xuño un convenio para a posta a disposición da Administración autonómica deste espazo monumental lugués.

Candidatura

Neste caso, actúase en concreto nun ben que forma parte do extenso patrimonio cultural da Ribeira Sacra. O interior da igrexa, datado a finais do século XII, é similar ao da veciña San Paio de Diomondi; ofrécese nunha soa nave dividida en catro tramos e con teitume a dúas augas de madeira.

A fachada principal está dividida en dúas partes por un gran tornachoivas de arcos semicircu-



O orzamento de 312.000€ permitirá actuar nas cubertas e muros da igrexa, que é BIC desde 1931.

lares peraltados. A parte inferior -tamén análoga á de Diomondi-, está formada por unha gran portada flanqueada por dous grandes arcos cegos de descarga semicirculares rodeados dunha grilanda de piñas. O cenobio está dedicado a san Estevo, un dos primeiros diáconos da Igrexa que, xunto

aos apóstolos, comezaron a evangelización.

Trátase dun dos elementos máis emblemáticos da Ribeira Sacra, que encara a recta final para ser declarada Patrimonio da Humanidade. A candidatura baséase, en boa medida, no gran patrimonio arquitectónico desta zona.

“La Vuelta” por Lugo, Ourense e Pontevedra

A etapa 14 foi o día 4 de novembro entre Lugo e Ourense. Segunda vitoria de etapa para o belga do Lotto Soudal na Volta 20. O gañador en Sabiánigo conseguiu a súa segunda vitoria de etapa en Ourense. Ás 12:07 os corredores tomaban a saída en Lugo para pasar por Guntín, Monterroso, Antas de Ulla, Agolada, Lalín, Rodeiro, Alto de Escairón, Monforte, Ferreira de Pantón, Alto de Guítara para entrar en Ourense por Avenida Ribeira Sacra ata rotonda de Pardo de Cela desde onde seguiron ao Alto de Abeira, Untes, Vista Ferosa e con meta en Seminario Maior logo de percorrer 204,7 quilómetros.

A etapa 15 do día 5 novembro foi a primeira vitoria na Volta e nunha Grande para o belga de 22 anos do UAE Team Emirates. Antes do previsto inicialmente empezaba a 15ª etapa da Volta



O pelotón na rotonda de Pardo de Cela, en Ourense.

20. Ás 10:26 os corredores tomaban a saída na localidade pontevedresa de Mos e empezaban a etapa máis longa da edición, 230,8 kms, ata Puebla de Sanabria. O forte vento de fronte fixo que a saída se tivese que adiantar 28 minutos. A carreira pasou polo Porriño, Pontearreas, As Neves,

Arbo e os altos de San Amaro e Carcedo. Xa na provincia de Ourense, por Celanova, Alto do Furriolo, Vilar de Santos, Xinzo de Limia, Trasmiras, Monterrei, Vila de Rei, Alto de Fumaces, A Gudiña, Lubián, Alto do Padornelo e Requejo para rematar en Pobo de Sanabria (Zamora).

Repercusión

O alcalde de Ourense, Gonzalo Pérez Jácome, agradece a colaboración da veciñanza de Ourense e de todos os profesionais que fixeron posible que a chegada de “La Vuelta Ciclista” a Ourense fose un éxito, que proxectou a cidade ante centos de miles de

espectadores a través dos medios de comunicación.

O Concello recibiu a felicitación e o agradecemento polos organizadores polo bo desenvolvemento da carreira, cuxo percorrido proporcionou un espectacular paso pola cidade e unha esixente e competida chegada ao Seminario. O rexedor celebra que a chegada a Ourense de “La Vuelta Ciclista a España” contribuíse á promoción de Ourense, presentando a cidade ante centos de miles de espectadores da proba.

De feito, 1,3 millóns de espectadores seguiron a retransmisión da chegada á meta de Ourense a través de La 1 de TVE, aos que se engaden os que a seguiron a través de canles coma Teledeporte (máis de 300.000) ou Eurosport, entre outros, nun certame que ten tamén unha notable proxección internacional, xa que é seguido en 190 países.

O Concello réndelle homenaxe a Florentino Cuevillas cunha placa na casa onde viviu

O arqueólogo, prehistoriador, fundador da Revista Nós e do Partido Galeguista, Florentino López Cuevillas (Ourense 1886-1958) recibiu, no día do centenario da Revista Nós, a homenaxe da cidade de Ourense cunha placa na casa na que viviu e traballou, na rúa de Santo Domingo. O acto, promovido polo Concello, contou coa participación do alcalde de Ourense, Gonzalo Pérez Jácome, o arqueólogo municipal Xosé María Eguileta, en representación da Fundación Vicente Risco, e Alfonso Monxardín, en nome da Fundación Otero Pedrayo, xunto coa filla do homenaxeado, Milagros López Cuevillas, quen descubriu a placa, e a súa neta Margarita Tovar López Cuevillas.

Pérez Jácome subliñou a extraordinaria achega realizada por López Cuevillas e a Xeración Nós. A Xeración Nós, dixo “lémbrenos o que fomos e o que podemos volver ser. Destacamos nunha época en Galicia grazas a persoas como



En 1968 adicouselle o Día das Letras Galegas a Florentino López Alonso-Cuevillas.

Cuevillas e todos os que integraron a Xeración Nós. Dánnos ánimos de que o que fomos, podemos volvelo ser. Somos a terceira cidade de Galicia e temos moito que dicir. Ter referentes como estes e mirarnos no pasado, nos pode indicar o camiño cara o futuro”.

O alcalde puxo en valor o “impresionante” esforzo realizado pola Xeración Nós por poñer en marcha unha revista no ano 1920 tentando comunicar a súa men-

saxe. “Podemos imaxinar o duro que tivo que ser”, incidiu, para destacar que “o bo é que aquilo non só durou 15 anos, senón que perdurou no tempo, é algo eterno, que seguimos recordando e se seguirá recordando”.


O Concello seguirá a desenvolver até o próximo ano 2021 actividades de homenaxe á Xeración Nós con novas propostas e celebrará o acto central cando as circunstancias sanitarias o permitan.

Créase en Ourense o Observatorio Mundial do Termalismo

O presidente do comité asesor de Termatalia, da Deputación de Ourense e da Asociación Europea de Cidades Históricas con Patrimonio Termal (E. H. T. T.A.), Manuel Baltar, anunciou a creación dun Observatorio Mundial de Termalismo durante a celebración en Ourense do I Cumio Iberoamericano de Políticas Públicas para o desenvolvemento do termalismo.

Este cumio, organizado por Termatalia, congregou de forma virtual a máis 150 directivos de entidades públicas que xestionan o termalismo na Arxentina, Brasil, Chile, Colombia, Costa Rica, Ecuador, O Salvador, España, Guatemala, México, Nicaragua, Panamá, Paraguai, Perú, Portugal, Uruguai e Venezuela. O observatorio que tería a súa sede en Ourense.

Neste senso impulsouse unha



Reunión virtual de directivos en termalismo.

iniciativa, a elevarse ante o Senado de España, que solicitará o tratamento nos centros termais e balnearios galegos e españois dos pacientes que superasen o COVID-19, potenciando un sector que ofrece 25.000 prazas e máis de 5.500 empregos directos.

Tamén tratáronse distintos plans de reactivación e os protocolos de prevención no sector turístico-termal, así como a eventual creación dun Día Mundial dedicado ás augas minerais e medicinais, propoñéndose que sexa o 23 de abril dentro do calendario da UNESCO.

O centro de saúde do Pereiro de Aguiar xa está en servizo

O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, destacou que Galicia completará o reforzo da Atención Primaria coa construción ou renovación de 38 centros de saúde máis nesta lexislatura. “O noso compromiso é facer un servizo galego de saúde novo tanto na atención hospitalaria, como nos centros de Atención Primaria”, dixo, salientando que os veciños do Pereiro de Aguiar contan cun centro de saúde cun 54% máis de superficie do que tiña o anterior e con máis servizos. Nunha superficie total de 682 metros cadrados, a nova infraestrutura dispón dunha zona de asistencia sanitaria con: 3 consultas de me-



Núñez Feijóo no novo centro de saúde do Pereiro.

dicina xeral, 2 consultas de enfermería, unha sala polivalente, unha consulta da muller, enfermaría pediátrica, pediatria e ou-

tras salas.

Durante unha visita a esta infraestrutura, o responsable do Goberno galego recordou que a

este centro de saúde sumarase outro en Paderne de Allariz, actualmente en construción. Nesta mesma liña, confirmou que na actualidade estanse a construír ou reformar xa outros centros de saúde en: O Milladoiro (Ames), A Estrada, Melide, Narón, CIS de Lugo, O Saviñao e Bouzas (Vigo). Estase, ademais, tramitando a redacción de proxectos do novo CIS de Lalín, do novo CIS Olimpia Valencia en Vigo e do novo centro de saúde de Moaña, así como da ampliación do centro de saúde do Porriño, entre outros.

“En definitiva, temos un compromiso coa Atención Primaria” incidiu, subliñando que nos últimos 10 anos a Xunta leva construídos

ou renovados un total de 75 centros de saúde en toda a Comunidade que, “sumados aos 38 desta lexislatura farán un total de 113, o que suporá un novo sistema de infraestruturas na Atención Primaria para toda Galicia”.

Logo de recordar a entrada en vigor das novas medidas acordadas polo comité clínico para facer fronte á pandemia, Feijóo concluíu agradecendo unha vez máis o compromiso, a madurez e a determinación do pobo galego para loitar contra a pandemia, cunha mención especial ao sector da hostalería, un dos máis castigados economicamente; así como o traballo que están a desenvolver todos os profesionais sanitarios.

A Xunta contratará o proxecto de construción do parque acuático de Monterrei

A Secretaría Xeral para o Deporte vén de publicar na plataforma de contratación o servizo de redacción do proxecto de construción do parque acuático do Complexo lúdico deportivo de Monterrei no Concello de Pereiro de Aguiar. O importe da licitación da redacción do proxecto alcanza os 251.415 euros.

Haberá tres fases diferenciadas: a piscina familiar (zona 2 que estará finalizada en 2021), a piscina infantil (zona 3 que estará finalizada en 2022) e os tobogáns de adrenalina (zona 4 que estará finalizada en 2023). Durante a execución das obras poderanse utilizar en todo momento as instalacións xa existentes ou finalizadas. O orzamento da parte acuática alcanzará os 8.809.566,35 euros. A reforma do Complexo Deportivo de Monterrei contará cunha zona deportiva e unha zona acuática como dous partes di-



O proxecto da parte acuática estará adxudicado antes de fin de ano.

ferenciadas e independentes. O orzamento total da actuación roldará os 10 millóns de euros e será cofinanciado ao 50% entre Xunta de Galicia e Deputación de Ourense.

A zona deportiva albergará un pump track indoor para bicicleta BTT e deportes urbanos, ademais dunha pista polideportiva descuberta, unha pista de tenis cuberta e outra descuberta, dúas pistas de pádel cubertas e

outras dúas descubertas e a ampliación da cuberta da pista de atletismo. As obras da zona deportiva xa comezaron o pasado venres 3 de xullo cunha duración aproximada de 3 meses polo que poderán estar rematadas no mes de outubro, para o inicio da tempada 2020-2021. A obra está adxudicada á empresa Xestión Ambiental de Contratas S.L. por un importe de 878.485,79 euros.

A igrexa de Santo Estevo de Ribas de Sil quedará libre de humidades



Os obras realizaranse por encargo da Consellería de Cultura.

A igrexa de Santo Estevo de Ribas de Sil, que conta coa distinción de Ben de Interese Cultural (BIC) na categoría de monumento, constitúe un dos exemplos de arquitectura románica máis relevantes da Ribeira Sacra que opta a ser declarada Patrimonio Mundial en 2021. A Xunta acaba de aduxicar obras por preto de 300.000 euros. As actuacións que se levarán a cabo no templo permitirán solucionar os importantes problemas de conservación e mantemento co fin de evitar o seu deterioro. Así, os traballos centraranse en resolver patoloxías

derivadas das filtracións de auga, da falta de ventilación e dos problemas de capilaridade na base dos muros.

Concretamente, a intervención contempla a limpeza e reparación das filtracións de auga na terraza entre as torres mediante a súa impermeabilización, a limpeza e mellora do rexuntado con morteiro de cal nas fachadas e a reparación das sopenas de remate na cuberta. O proxecto de restauración tamén inclúe a impermeabilización da fachada sur, o acondicionamento e restauración da antesancristía e sancristía e a mellora da ventilación das fiestras e óculos.

As sendas peonís no Pereiro de Aguiar abríranse en febreiro

O delegado territorial da Xunta en Ourense, Gabriel Alén Castro, xunto co alcalde de Pereiro de Aguiar, Luís Menor, visitaron as obras de construción dos itinerarios peonís e ciclistas que se están a desenvolver na estrada OU-537, na contorna dos parques empresariais, e na OU-536, na Derrasa, no municipio de Pereiro de Aguiar.

Segundo explicou o delegado territorial “trátase da execución de dous treitos de senda mixta, peonil e ciclista, segura e accesible, nestas vías autonómicas.” A intervención define un itinerario na marxe esquerda da OU-536, desde o punto quilométrico 7+080, á altura da ponte sobre o río Loña, no trazado da antiga estrada, frecuentada por peóns pola proximidade do encoro de Cachamuña, ata o paso de peóns do punto 8+080, na Derrasa.

A outra intervención estase a construír na marxe dereita da estrada autonómica OU-537, a vía dos parques empresariais, cunha lonxitude de máis de 2 quilóme-



Estas actuacións contan cun investimento de preto de 780.000 euros.

tros, entre a intersección coa OU-101, na Medorra, e a intersección coa OU-536, na Derrasa.

As sendas terán un ancho mínimo de 1,8 metros na OU-537 e de 2,5 metros na OU-536, e irán separadas da calzada por unha cuneta de seguridade e por unha banda axardinada nalgúns tramos, segundo as necesidades de cada subtreito. Executaranse con formigón coloreado. Alén Castro indicou que os traballos, iniciados o pasado mes de setembro, contan cun prazo de execución de 6 meses.

Estas actuacións, que serán cofinanciadas con Fondos Feder 2014/2020 para o fomento da mobilidade sustentable, están enmarcadas no Plan de sendas na comarca de Ourense. Este plan ten como obxectivo incrementar a seguridade de peóns e ciclistas, posto que son os usuarios máis vulnerables das estradas. Tamén se busca promover unha mobilidade máis sustentable, favorecendo modos de desprazamento menos contaminantes e alternativos á utilización do vehículo particular.

O Pereiro quiere a declaración de municipio de interese turístico



No encoro de Cachamuña non se pode bañar pero si pescar.

O Concello de Pereiro de Aguiar ratificou, en sesión plenaria e por unanimidade, solicitar que o municipio sexa declarado de interese turístico. Desta forma, inicianse os trámites da petición ante a Xunta. “Acadar a declaración resultaría moi ventaxoso tanto para a promoción do Concello como para acceder a subvencións que nos permitirían levar a cabo iniciativas públicas como particulares”, sinalou Luís Menor, alcalde do PP no Pereiro.

Na sesión tamén se aprobou por unanimidade solicitar a ligazón da A-52 coa N-536, porta de entrada á Ribeira Sacra e ás terras de Caldelas e Trives. Decidiuse continuar co desenvolvemento e a mellora do Roteiro dos Muíños, que consiste na realización dunha limpeza a fondo e na colocación de sinalización homologada. O Concello seguirá insistindo para que o Concello de Ourense e a Deputación arranxen a estrada que une o parque empresarial do Pereiro co auditorio da capital provincial.

Obras de eficiencia enerxética na biblioteca do Pereiro de Aguiar



A biblioteca atópase na antiga Casa Consistorial.

O Concello de Pereiro de Aguiar vai levar a cabo unhas obras de mellora na biblioteca municipal. “As principais necesidades que se prevén atender son facer que a edificación sexa

máis eficiente e sostible, e que garanta o mellor servizo para os usuarios e traballadores, reducindo ademais de forma significativa o consumo enerxético”, sinala o alcalde Luís Menor.



982 41 02 69 loteribeirasacra@gmail.com
Rúa Cardenal Rodrigo de Castro, 43
27400 Monforte de Lemos. Lugo



A Xunta presenta axudas á hostalaría

O Goberno galego activará tres liñas de axudas ás cales se poden adherir os establecementos hostaleiros. Hai dúas liñas do Plan de rescate de persoas traballadoras autónomas e microempresas, ás cales se sumará o novo apoio específico. As tres liñas son compatibles entre si, polo que, reunindo os requisitos necesarios, os empresarios poderán beneficiarse de xeito simultáneo de todas elas. A liña específica para o sector da hostalaría (servizos de comidas e bebidas e aloxamentos) busca axudar os establecementos afectados polo peche derivado das actuais e necesarias medidas sanitarias para evitar a propagación da covid-19 nos concellos galegos con maior incidencia epidemiolóxica. As axudas aos establecementos hostaleiros máis afectados poderían ir desde un mínimo de 2.200 ata un máximo de 7.200 euros. O Consello tamén aprobou unha nova liña de préstamos para achegar liquidez aos autónomos, ás microempresas e pemes con máis problemas de liquidez e dificultades para acceder ao sector pri-

vado, entre as cales se atopan o ocio nocturno e a hostalaría. Trátase de facilitar créditos de entre 3.000 e 500.000 euros a cada negocio para que poidan atender os pagamentos de salarios, alugueiros e impostos.

Concello de Ourense

Por outra banda, o alcalde de Ourense, Gonzalo Jácome, e representantes dos grupos políticos municipais (PSdeG, PP, C's e BNG) mantiveron unha xuntanza co sector da hostalaría ourensá para coñecer as reivindicacións deste colectivo e avanzar na definición de medidas de apoio desde o Concello. Tras escoitar as propostas do colectivo, os grupos municipais emprazáronse a unha nova xuntanza na que acordar "unha serie de medidas concretas, viables e óptimas", segundo manifestou o alcalde ao remate da reunión.

Servizo a domicilio

Moitos bares e restaurantes decidiron pechar temporalmente. Outros se dedican ao servizo a domicilio. Estes son algúns exemplos.

O Capricho. Leva comidas de 13 a 16 horas e de 20,30 a 23,30.

Bacallau, tequeños, capricho ibérico, solombo de ibérico con foie, ensaladas, empanadillas, tostas, pizzas, hamburguesas, racións, petiscos variados e sobremesas. Rúa Lepanto 17. Tfno. 988 98 16 01.

Taberna do Perico. Toda a súa carta para comer e cear. Bacallau, carnes á prancha. Fornecido de tapas á brasa, petiscos Perico, setas, espetada de carne, cazola de queixos, patacas asadas, Periburguer, sobremesas caseiras. Servizo de 13,00 a 15,00 e de 20,00 a 23,00. Rúa Unión, 2. Tfno. 988 23 11 13.

A Nosa Taberna. O mellor sabor da cociña venezolana. Hamburguesas, zorza, orellas, morunos, pepitos, patacones, grellas, ovos rotos, tenreira con patacas, pementos de padrón, empanadas, táboas variadas. Rúa Lepanto, 7. Tfno. 988 04 55 06.

Tizar. Entrantes, ensaladas, ensalada hawaiana, bocatzars, vegetarianos, carnes de porco e tenreira, rolo de pito, arroz frito, paellas de mariscos, fideuá de mariscos, peixes e sobremesas. Praza de Santa Eufemia, 5. Tfno. 988 78 26 89.



O servizo aos domicilios faise en moto ou en coche.

Casa do Polbo. Polbo á galega con patacas cocidas. Carnes, tortillas, zorza, churrasco de porco, raxo con queixo de Arzúa, pito picantón á grella, combo de petiscos, sobremesas caseiras, refrescos e viños. Rúa Juan de Austria, 15. Tfno. 988 23 83 08.

Café bar Torremolinos. Despacha só polas mañás café para levar. Selaxe de quinielas. Marcelo Macías, 35. Tfno. 988 231 107.

Café Prifer. Despacha desde as 8 da mañá ata as 6 da tarde, agás domingos, cafés, boería e bocadillos para levar. Marcelo Macías, 56.

Demamaluís. Vieiras, croquetas, morunitos, tosta de bacallau, de queixo, de sardiñas e de anchoas; miniburguer, roxóns, torrezos, tortilla e empanada. Para recoller en local ou repartición a domicilio. Rúa Páxaro, 2. Tfno. 988 61 61 68.

Adega Vella. Distribúe a domicilio viños godellos e mencias da Ribeira Sacra en caixas e estoxos de 6 botellas nas que se poden combinar brancos e tintos. Caixas personalizadas. Eirexe 14. Abeleda (A Teixeira). Tfnos. 606 80 78 97 e 660 047 602.

Premios da Cata dos Viños de Galicia na Ribeira Sacra

O Centro do Viño de Ribeira Sacra acolleu a entrega dos premios da XXXII edición da Cata dos Viños de Galicia aos viños da D.Ou. Ribeira Sacra. Para cumprir os protocolos sanitarios ante a pandemia da Covid19, representantes da Consellería do Medio Rural trasladáronse ata Monforte a entregar os recoñecementos. Os viños premiados na D.Ou. Ribeira Sacra foron: Acio de Ouro tinto: Prómíne, de Adegas Petrón. Acio de Prata tinto: Peza do Rei de Adega Cachín. Tres viños da Ribeira Sacra foron recoñecidos como os mellores de Galicia nas categorías Viños de Colleiteiro e Pequenas Adegas; e Viños de Elaboracións con Madeira. Acio de



Ouro tinto Acivro de Adegas Salvadur na categoría de Viños de Colleiteiro e Pequenas Adegas.

Acio de Ouro tinto, Acivro de Adegas Salvadur na categoría de Viños de Elaboracións con Madeira. Acio de Prata tinto, Tradición de Adega Vella, Jorge Feijoo González, na categoría de Viños de Elaboracións con Madeira.

O panel de cata formábase de 14 catadores que fixeron cata cega de 348 mostras de viños de toda Galicia. Correspondían á D.Ou. Ribeira Sacra 70 mostras de 30 adegas. No acto de entrega recoñeceuse o valor secular dos adegoiros e a excelencia do seu traballo. Da D.Ou. Ribeira Sacra destacou a vendima "in extremis" e o traballo de adegoiros e viticultores como un proceso artesanal cheo de amor pola viticultura.

HARCA

